

BANDO INFORMATIVO

O SERGAS CONFIRMA UN SEGUNDO GROMO EN VIANA DO BOLO.

Últimas novas relacionadas co COVID-19 aportadas no día de hoxe polo SERGAS da Xunta de Galiza, responsábel do sistema sanitario galego.

Esta alcaldía da acordo coa información oficial, no día de hoxe martes 25 de agosto quere expresar o seguinte:

O primeiro gromo existente en Viana acada as quince persoas afectadas polo COVID-19. Estas persoas, de momento non necesitaron hospitalización, están todas no seu domicilio en corentena. Todos os afectados pertencen ao mesmo grupo familiar. Mantense estable o numero de positivos dende fai tres días.

Confírmase un segundo gromo con cinco persoas afectadas polo COVID-19. Este gromo non ten vínculo co anterior. Destas cinco persoas positivas unha esta hospitalizada en Ourense, mentres cas outras catro están en corentena no seu domicilio. Todas pertencen ao mesmo grupo familiar. Trátase dun gromo de orixe importado.

Confírmase outro caso illado

TOTAL. 21 positivos dos cales unha persoa hospitalizado en Ourense (datos do SERGAS)

Tamén se me comunicou que se están realizando probas diagnósticas a todas as persoas que estiveron en contacto seguindo os protocolos médicos que ten establecido a consellería de Sanidade da Xunta de Galiza. Tamén se activou o protocolo de rastrexo destes casos. Lembróuselles que deben permanecer en corentena e no caso de ter calquera sintomatoloxía ou dúbida deben pórse en contacto cos servizos sanitarios

Neste complicado momento o primeiro é darlle moito ánimo as persoas infectadas así como desexarlles unha pronta recuperación, sobre todo á persoa hospitalizada. Dende o Concello pómonos a súa disposición para axudar no que precise a nivel persoal. Dita disposición para axudar xa foi posta no coñecemento das autoridades sanitarias da Xunta de Galicia.

Dende o Concello animamos a todas as veciñas e veciños de Viana do Bolo a seguir cumprindo as normas, a manter e intensificar as medidas de protección persoal, usar a máscara, lavar as mans, manter a distancia de seguridade e demais normas de protección. Pedimos tranquilidade e serenidade, dende o Concello estamos en contacto constante coas autoridades sanitarias e tomaranse todas as medidas para defender a saúde de toda a veciñanza.

Protexéndonos nós tamén protexemos aos demais!

Quero transmitir tamén que dende o Concello estamos a disposición de toda a veciñanza para o que precisen. É o momento de traballar todos xuntos para vencer esta pandemia para voltar con mais enerxía e ganas de gozar, vivir e traballar na nosa querida Viana!

Moito ánimo!!

O que se fai público para o xeral coñecemento en Viana do Bolo a 25 de agosto do 2020.

O Alcalde. Secundino Fernández Fernández.
Asinado dixitalmente á marxe.